



Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se convoca ás persoas propostas polo Tribunal no proceso selectivo para o acceso nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, quenda de acceso por mobilidade, convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020 ao acto de elección de praza.

Con data 10 de xullo de 2020 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 137 a Orde do 8 de xullo de 2020 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso nos corpos de Policía Local, escala básica, categoría de oficial, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade.

Segundo dispón a convocatoria na base 10.1 da convocatoria “O tribunal remitirá á Agasp a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira dos correspondentes concellos segundo o resultado do concurso de méritos, en número non superior ao de prazas convocadas, xunto con igual número de reservas”

Tal e como dispón a convocatoria na base 1.2 as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse á quenda de mobilidade.

Con data 14/06/2021 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira, das persoas aspirantes pola quenda de mobilidade que figuran no Anexo I.

Polo tanto, esta dirección Xeral

RESOLVE:

Convocar ás persoas aspirantes que figuran no Anexo I ao acto de elección de praza que terá lugar o vindeiro 21 de xuño de 2021, ás 10:00 no Salón de Actos da Agasp.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes contado desde a publicación desta resolución, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, de conformidade co disposto no artigo 46da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Na Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

Santiago Villanueva Álvarez





ANEXO I

Persoas aspirantes do proceso de oficial 2020 queda de mobilidade convocadas

DNI	APELIDOS	NOME
***0039**	Suárez Piñeiro	Adolfo
***9036**	De la Peña Costas	Teodoro
***9631**	Quintela Domínguez	Carlos
***7911**	Rodríguez Rey	José Francisco
***1634**	Baamonde Paz	Francisco Jesús

